

INDBIO (INNOVACIÓN DOCENTE EN BIOLOXÍA)

Coordinador/a: **María Jesús Iglesias Briones**

Participantes: **Rosa Álvarez Otero**
Encarnación de Miguel Villegas

Liñas de actuacións

O interese que motiva a creación do grupo de innovación INDBIO xustifícase polos seguintes argumentos:

- Aplicar e deseñar novas metodoloxías docentes destinadas á docencia e/ou divulgación do coñecemento baseados en medios audiovisuais e/ou novas tecnoloxías.
- Fomentar o cambio nas pautas de adquisición do coñecemento utilizando actividades interactivas con elevado contido audiovisual.
- Facer partícipe á comunidade universitaria e non universitaria de novas metodoloxías docentes desde un punto de vista multidisciplinar.
- Incrementar a cooperación entre os distintos ámbitos do coñecemento e sectores da sociedade.

Obxectivos

- Dinamizar as metodoloxías docentes en base a plataformas docentes e/ou repositorios virtuais.
- Elaborar material de divulgación en base a novas tecnoloxías (informes en blogs, outros).
- Realizar actividades divulgativas baseadas ou utilizando medios audiovisuais.
- Estimular a participación en debates para adquirir un aprendizaxe activo, interdisciplinar, reflexivo e crítico.

Plan de traballo

As actividades que se desenvolverán estarán centradas en:

- Visibilización de películas e/ou documentais centradas en distintas problemáticas relacionadas coas ciencias da vida e de interese público.
- Foros de discusión e debate.
- Colaboración con diferentes colectivos educativos e sociais.

Temporalización:

Preténdense realizar polo menos unha actividade formativa ao longo de cada curso académico, quedando a programación supeditada ao apoio institucional, informático e económico do que se dispoña.

O equipo que constitúe INDBIO leva realizando actividades de divulgación durante os últimos cinco anos:

- Asociadas ao ámbito académico, que recollen publicacións e comunicacións a congresos de carácter docente, tanto nacional como internacional.
- Asociadas ao ámbito divulgativo e social, onde se inclúe a organización desde o curso 2011-12 da actividade extraacadémica «Cineforum de bioloxía». En cada unha das cinco edicións organizadas ata a actualidade proxectáronse catro películas de diferentes temáticas nas que se contou coa participación de persoas expertas co fin de enriquecer o contido dos debates e poder proporcionar respostas informadas ás cuestións formuladas polas persoas asistentes.